



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

“XEFATURA DO SERVIZO DE INFRAESTRUCTURAS AGRARIAS DE PONTEVEDRA”

**PLAN DE ORDENACION DE PREDIOS DE ESPECIAL
VOCACION AGRARIA NA ZONA DE REESTRUTURACION
PARCELARIA DE CURRO – PORTELA – BARRO -
PONTEVEDRA**

MEMORIA

Autora do Plan:

Enxeñeira Agrónoma

María José López Méndez

Empresa Colaboradora:

LAGARES OCA



Enxeñeiro Técnico Agrícola

Francisco Javier Centeno Ameijeiras



PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA NA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE CURRO – PORTELA – BARRO – PONTEVEDRA

ÍNDICE

I. MEMORIA.

1. ANTECEDENTES.
2. SITUACIÓN ACTUAL DOS CULTIVOS E APROVEITAMENTOS E DAS ESTRUTURAS DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.
3. ESTABLECEMENTO E DELIMITACIÓN DOS DIFERENTES USOS DAS TERRAS.
4. ORIENTACIÓNS PRIORITARIAS.
5. ESTUDO DE COMERCIALIZACIÓN DAS ORIENTACIÓNS PRIORITARIAS.
6. ÁREAS DE ORDENACIÓN PREFERENTE.
7. DEFINICIÓN DAS FORMAS TÉCNICAS ESPECÍFICAS PARA O DESEÑO DOS NOVOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN.

II. PLANOS

PLANO Nº 1: PLANO DE ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL.

PLANO Nº 2: PLANO DE ORIENTACIÓNS PRIORITARIAS.

PLANO Nº 3: PLANO DE DELIMITACIÓN DOS USOS.

PLANO Nº 4: PLANO DE PENDENTES

PLANO Nº 5: PLANO DE ORIENTACIÓN XEOGRÁFICA

ANEXO 1. CD CON FICHEROS SHP E RESTO DE DOCUMENTACIÓN.

I. MEMORIA.

1. ANTECEDENTES.



PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA NA ZONA DE REESTRUTURACION PARCELARIA DE CURRO – PORTELA (BARRO – PONTEVEDRA)

1. ANTECEDENTES

O Diario Oficial de Galicia nº 131 de fecha 14 de xullo de 2015 publica a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), no Artigo 20 determina a necesidade de redactar un Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria (Popeva) de acordo co definido no artigo 4.21 da citada Lei., que deberá redactarse e aprobarse previamente a aprobación das Bases.

De acordo co decreto a zona estaría constituída polos terreos das parroquias de Curro e Portela do termo municipal de Barro.

A raíz da resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural o perímetro se modifica coa exclusión da delimitación dos núcleos rurais de ambas parroquias.

O perímetro resultante limita:

Norte: Parroquia de Agudelo e Pedecanai pertencentes ao concello de Barro

Sur: termo municipal de Pontevedra

Leste: termo municipal de Pontevedra

Oeste: termo municipal de Meis

A zona alcanza unha superficie de 677 hectáreas

2. SITUACIÓN ACTUAL DOS CULTIVOS E APROVEITAMENTOS E DAS ESTRUTURAS DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.



2. SITUACIÓN ACTUAL DOS CULTIVOS E APROVEITAMENTOS E DAS ESTRUCTURAS DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

2.1.- SITUACIÓN ACTUAL DOS CULTIVOS E APROVEITAMENTOS

No plano de aproveitamentos actuais, distínguense dúas zonas, unha de aproveitamento forestal e outra de labradíos. As superficies ocupadas por cada un dos cultivos existentes, e que figuran na clasificación de terras como clases de Labradío e clase de Monte:

Aproveitamento:

Forestal: 377 Has

Labradío: 182 Has

A superficie total do plano a concentrar da zona de 651,97 ha repartidas en 6.647 parcelas de 1.022 propietarios.

A zona de monte a día de hoxe ten un aproveitamento forestal non ordenado con especies predominantes de piñeiro e eucalipto.

A zona de labradío repártese en producións de millo e pataca, viñedo e pequenos prados para recollida de herba. Toda a produción neste momento adícase ao autoconsumo.

A zona de reestruturación parcelaria a constitúen nove superficies illadas debido á fragmentación resultante de exclusión dos núcleos rurais. Estas masas están a súa maior parte adicadas a monte nas zonas de maior pendente, deixando a zona de cultivos de labradío nas zonas máis chans. Estas últimas forman un mosaico entre fincas labradas e fincas abandonadas ou ocupadas por zonas de herba verde. A zona de horta fundamentalmente localizada próxima ás vivendas queda excluída pola calificación urbanística de núcleo rural.

En relación as fincas adicadas a viñedo atópanse en todo tipo de terreos, non sempre nos máis axeitados, ocupando zonas de horta, zonas húmidas próximas a regatos.



Para a implantación de novas zonas de viñado será necesario ampliar as superficies e incluír zonas que hoxe estean adicadas a produción forestal ou incluso en monte baixo.

En xeral a zona máis ao Norte e Leste son zonas que estando en produción forestal son aptas para a plantación de viñado.





2.2.- ESTRUCTURA DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

A zona de Curro Portela ten un total de 651 hectáreas fragmentadas en nove áreas e afecta a un número elevado de propietarios , e existen varias explotacións fora do perímetro, dedicada ao cultivo de horta e flor en invernadoiro.

A superficie dedicada a produción vitícola é reducida e está fragmentada, o resto das terras fundamentalmente dedícanse a produción de millo e produtos de horta para o autoconsumo.

O número de propietarios implicados no procedemento de reestruturación e de 1.022 que aportan unha superficie media de 5.500 m² e unha media de 6,5 parcelas por propietario, sendo a superficie media das parcelas aportadas de 846 m².

As explotacións gandeiras son inexistentes. A escasa produción gandeira esta orientada ao autoconsumo familiar.

A zona esta dentro da Denominación de Orixe Rias Baixas, Subzona de O Salnés, resultando importante a produción de uva de Albariño, sendo esta a produción máis importante e xeneralizada. Existen no entorno numerosas adegas adicadas a produción de viños de calidade.

Os invernadoiros están dedicados a produción hortícola baixo cuberta, producíndose cultivos de hortalizas, leituga, cebola, freixós verdes, repolo, tomate, acelga e pementos, pa os que existen na zona centrais de comercialización.

A superficie forestal é significativa e está moi fragmentada, tendo perímetros irregulares e de dimensións reducidas, non existindo posibilidades de explotacións rendibles polo seu tamaño e estrutura. As especies forestais son o eucalipto, piñeiro e especies de ribeira entorno os cursos fluviais.

Dos datos obtidos neste estudo, existen dentro do perímetro da zona:

- 5,6 ha de parcelas inscritas no rexistro vitícola
- 182 ha de labradíos

- 377 ha de monte
- 1 Invernadoiro.

Non figuran parcelas adscritas o Banco de Terras nin a explotacións gandeiras.

3. ESTABLECEMENTO E DELIMITACIÓN DOS DIFERENTES USOS DAS TERRAS.



3. ESTABLECEMENTO E DELIMITACIÓN DOS DIFERENTES USOS DAS TERRAS.

O Plan de Ordenación de Predios de especial vocación agraria inclúe o establecemento e delimitación no conxunto da zona de reestruturación dos diferentes usos das terras incluídas, de acordo con criterios técnico agronómicos, económicos e sociais.

Sendo a base das explotacións existentes de carácter agrario, existindo unhas prácticas culturais arraigadas, unhas canles de comercialización establecidos e unha base territorial cunhas características agronómicas específicas, os usos das terras propostos pretenden aproveitar e ordenar as posibilidades de aproveitamentos rendibles.

Coa finalidade de ampliar as explotacións existentes nas dúas parroquias e a posibilidade potencial de que se establezan outras novas, debemos tratar de recuperar e reservar determinadas masas de terras, que permitan manter e ata aumentar a superficie agraria útil, SAU, para dedicalas a cultivos rendibles economicamente, co fin de establecer explotacións con suficiente base territorial para que sexan viables e rendibles, así como conseguir un asentamento progresivo de poboación moza na parroquia.

Sería desexable que a superficie agraria útil de partida se puidese recuperar e ata aumentar nos casos en que fora rendible e posible a roturación de superficies de matogueira ou novas plantacións arbóreas

3.1.- CRITERIOS TÉCNICO AGRONOMICOS.

Nos criterios para a determinación dos diferentes tipos de produción deben terse en conta os seguintes criterios:

- Análise do lugar
- Variedades para sembrar
- Control de pragas e enfermidades



- Produtos culturais
- Destrucción de residuos de colleita

Entre as prácticas culturais a considerar:

- Preparación do terreo
- Sembra
- Variedades cultivadas
- Control de maleza
- Manexo da auga
- Fertilizantes
- Protección de cultivos
- Densidade de sembra
- Manexo da planta
- Enfermidades e pragas

No tratamento de enfermidades e pragas mediante a utilización de produtos fitosanitarios, debe darse cumprimento o establecido no RD 1311/2012 de 14 de setembro, polo que se establece no marco da actuación para conseguir o uso sostible dos produtos fitosanitarios.

Este marco de actuación pode considerar a implantación de algúns cultivos en zonas próximas a cauces de auga e a zonas habitadas, así como outros tipos de condicionantes á hora de establecer cultivos.

A zona máis chan ocupa un 32% o total da superficie agraria da zona a concentran con pendente que varía entre un máximo do 6% e o 0%.

A zona en xeral ten orientacións sur e oeste a excepción dos polígonos 29 a 32 que son orientación norte.

Nos criterios técnico agronómicos teremos en conta os factores que condicionan a súa produtividade:



- Posibilidade de mecanización e rega
- Espazo para enraizamento
- Resistencia a erosión
- Duración do período vexetativo
- Facilitade da labor
- Dispoñibilidade de auga
- Dispoñibilidade de nutrientes
- Ausencia de toxicidades

Segundo os criterios seguidos por Díaz Fierros e Gil Sotres na monografía publicada sobre a “Capacidade produtiva dos Solos de Galicia”.

- Solos sen limitación para a mecanización, pero con moderadas limitacións por profundidade para os cultivos de enraizamento profundo. Nas zonas máis chairas non existen limitacións para o enraizamento pero prodúcense limitacións para a rega superficial por gravidade. Non existe risco de erosión.

- Período vexetativo: Clase Limoeiro, o risco de xeadas e inferior a tres meses

- Réxime hídrico: Solos con capa freática en superficie ocasional, con condicións de boa drenaxe natural. Con menos de trinta días de déficit de precipitación.

- Fertilidade: Dispoñibilidade de nutrientes boa. En xeral con saturación do complexo de cambio superior ó 50% e pH maiores de 5,5. Sen toxicidade.

As zonas máis chairas presentan bo carácter agronómico para os cultivos de horta e millo gran, así como para cultivos de froita. As zonas con lixeira pendente son adecuados para cultivo de viña.

3.2.- CRITERIOS ECONÓMICOS E SOCIAIS

Sendo a base das explotacións existentes de carácter agrario, se teñen en conta as prácticas culturais arraigadas, os canles de comercialización establecidos e



presentes no contorno, os cultivos potencialmente viables cunha base territorial cunhas características específicas.

3.2.1.- ESTRUCTURA DA PRODUCCIÓN

O número de propietarios implicados no procedemento de reestruturación e de 1.022, que aportan unha superficie media de 5.500 m² e unha media de 6,5 parcelas por propietario, sendo a superficie media das parcelas aportadas de 846 m².

Distribución do uso do solo agrario

	Sup. de Cultivo e Prado	Forestal Total	Outras Superficies	S.Total Concello	Sup. de Cultivo e Prado / Sup. Total	Forestal/ Sup. Total
Comarca de Pontevedra	7.643	46.483	8.306	62.433	0,12	0,74
Barro	655	2.861	248	3.764	0,17	0,76

Distribución das terras

	Aproveitamento (Ha)							
	Terras de cultivo				Prados e pasteiros	Outras superficies	Superficie forestal	Superficie total
	Cultivos herbáceos	Cultivos leñosos	Outras terras de cultivo	Cultivos asociados e sucesivos				
Comarca Pontevedra	1.244	1.668	536	125	9.235	8.306	41.568	62.433
Provincia Pontevedra	38.922	15.265	3.036	6.338	57.008	72.275	269.297	449.464



Viñedos:

	Cereais gran		Cultivos forraxeiros		Tubérculos		Leguminosas gran		Hortícolas e Flores e Viveiros	
	Ha	%	Ha	%	Ha	%	Ha	%	Ha	%
Comarca Pontevedra	607		162		128		48		299	
Pontevedra	6.506	16,72%	25.763	66,19%	3.158	8,11%	291	0,75%	3.204	8,23%
Galicia	40.430	11,06%	286.939	78,50%	20.258	5,54%	2.109	0,58%	15.772	4,32%

Pontevedra: 24.085 Ha

Comarca Pontevedra: 1.265 Ha

	Cereais Gran (Ha)			Cultivos forraxeiros				(Ha)
	Millo	Trigo	Outros	Millo	Pradeiras	Col	Outras	Prados
	gran		Cereais gran	forraxeiro		forraxeira	forraxeiras	
Comarca Pontevedra	606	1	0	9	23	110	21	4.320
Pontevedra	6.113	308	85	5.369	19.096	854	444	42.441



Producións Hortícolas Pontevedra (Ha)

Tomate	360
Leituga	216
Cebola	320
Freixón verde	414
Repolo	310

As producións principais da comarca de acordo cas Ha. adicadas a o cultivo son os cultivos de viñedo, os herbáceos e prados, o millo gran, os tubérculos e os cultivos de horta, ademais da superficie adicada a cultivos forestais.

Dentro do ámbito da zona de Curro Portela, o esquema produtivo e similar o comarcal.

3.2.2.- COMERCIALIZACIÓN DA PRODUCCIÓN

Como consecuencia da pequena base territorial das explotacións agrarias da zona, con un alto grado de autoconsumo nos produtos de horta e de tubérculos, os canles de comercialización están moi diversificados e xeograficamente próximos o produtor.

Dentro das principais canles de comercialización están os mercados locais, as grandes superficies, os supermercados e tendas locais, e centros e cooperativas de comercialización, que serán determinantes nas posibilidades de viabilidade económica das producións, e por tanto nas orientacións produtivas.

Produtos de horta

Cooperativas agrícolas no entorno: Cambados 3

Caldas de Reis 2

Meis 2



Como centros de comercialización e produción de produtos hortícolas:

- o Hortal S.C. galega : en Vilariño, Cambados, Produtos hortícolas e froita
- o S.A.T. Hortumia: en Vilariño, Cambados, Produtos hortícolas
- o Porta do Río Miño: en O Rosal .

Viñedos

- Na D.O. Rias Baixas existen 183 bodegas .
- 119 están na Subzona do Salnés.
- 23 no Concello de Cambados

Kiwis

Na provincia de Pontevedra existen 6 plantas de recolección e comercialización de Kiwis:

- Ribadumia. Kiwi Atlántico S.A.
- Tui: Kiwiplant S.A.
- Tomiño: Kiwi España S.A.
 Kiwis del Burguera S.L.
 Kiwi Atlantico Finca S.A.
 S.A.T. NA 459 Xuga Kwigal

3.3.- PRODUCCIÓN DIFERENCIADAS

No establecemento dos diferentes tipos de cultivos debe perseguirse a consecución de obxectivos de calidade mediante producións diferenciadas que compatibilicen as esixencias da sociedade coa produción agrícola e a protección do Medio Ambiente, con fin de obter rendementos sostibles e economicamente viables.



Control integrado

Combina métodos biolóxicos, culturais e químicos de forma compatible para obter un control satisfactorio e con consecuencias económicas e medioambientais favorables.

Inclúe:

- Loita química específica e respectuosa
- Control biolóxico
- Utilización de plantas sans e resistentes
- Protección agrícola e medioambiental

Producción integral

Os sistemas agrícolas de produción vexetal que utilizan o máximo os recurso e os mecanismos de produción naturais e aseguran a longo prazo unha agricultura sostible, introducindo nela prácticas biolóxicas e químicas de control e outras técnicas que compatibilizan as esixencias da sociedade, a protección do medio ambiente e a produtividade agrícola.

Producción ecolóxica

Comprende as técnicas agrícolas que exclúen normalmente o uso de produtos químicos de síntese como fertilizante, praguicidas, antibióticos, co obxectivo de protexer o medio ambiente, mantendo ou incrementando a fertilidade do solo e proporcionar alimentos con tódalas súas propiedades naturais.

3.3.1.- SUBVENCIONES

No D.O.G.A. nº 64 de 31 de Marzo de 2017 publícase a ORDE do 29 de marzo de 2017 pola que se convocan para o ano 2017 as axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, co financiadas co Fondo Europeo Agrícola de



Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

3.4.- ZONIFICACIÓN. RÉXIME DE ACTUACIÓN

O Plan de Ordenación de Predios de especial vocación agraria inclúe o establecemento e delimitación no conxunto da zona de reestruturación dos diferentes usos das terras incluídas, de acordo con criterios técnico agronómicos, económicos e sociais expostos.

A determinación das **orientacións prioritarias**, de aqueles cultivos e aproveitamentos que poden ter posibilidades real de servir de fundamento na constitución e mantemento da explotación ou iniciativas de aproveitamento en común.

Aquelas orientacións prioritarias sinaladas que teñan necesidades de condicións de localización específica por razóns técnico agronómicas, identificándose e delimitándose os terreos con maior aptitude, terán a consideración de **áreas de ordenación preferente**.

O resto dos terreos serán considerados **áreas sen aptitude específica**, e poderán ser dedicados a calquera aproveitamento acorde cos usos autorizados

A zonificación do territorio obxecto de reestruturación, defínense tres categorías:

a) Superficie agraria útil (SAU)

Dentro desta categoría cómpre establecer unha subdivisión en:

- Superficie agraria útil en sentido estrito (SAU)
- Superficie agraria útil susceptible de cambio de uso (SAU MIXTA).

b) Superficie forestal (SF)

Superficie agraria útil (SAU)

Correspóndese cas áreas de ordenación preferente de horta e viña, e áreas sen aptitude específica destinadas a estas producións, exceptuando as áreas de viña



situadas en zonas clasificadas como monte, no caso de que non sexan utilizadas despois da atribución sinalada no artigo 29 da Metaga.

Neste tipo de superficies os propietarios deberán:

Destinalos a fins agrícolas, gandeiros, cinexéticos, ambientais ou a outros usos vinculados á utilización racional dos recursos naturais dentro dos límites que, no seu caso, establezan as leis, o planeamento urbanístico e demais normas de ordenación do territorio.

Solicitar autorización á Comunidade Autónoma para o exercicio das actividades autorizables nos casos previstos na lexislación.

Realizar ou permitir realizar á Administración competente os traballos de defensa do solo e a vexetación, necesarios para a súa conservación e para evitar riscos de inundación, erosión, incendio, contaminación ou calquera outro risco de catástrofe ou simple perturbación do medio ambiente, así como da seguridade e saúde públicas.

Superficie agraria útil susceptible de cambio de uso (SAU-mixta)

Aquela zona do territorio na que, sen deixar de perder a consideración de SAU, pode permitirse e autorizarse un cambio de uso de terras agrícolas e a forestación das mesmas sempre que non interfira no desenvolvemento agrario da zona, priorizando o aproveitamento integral do uso.

Non e admisible nas áreas de ordenación preferente de viñado e horta.

Superficie forestal (SF)

Correspóndese co terreo clasificado como área de ordenación preferente forestal, non delimitadas nesta reestruturación parcelaria, así como ás áreas de ordenación preferente de viña que están localizadas en zonas clasificadas como monte, no caso de que no sexan utilizadas despois da atribución sinalada no artigo 29 da Metaga.



Está constituída polos terreos destinados a explotacións forestais e os que sustenten masas arbóreas que deban ser protexidas por cumprir funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas ou de protección do solo, e igualmente por aqueles terreos de monte que, aínda cando non sustenten masas arbóreas, deban ser protexidos por cumprir ditas funcións e, en todo caso, polas áreas arbóreas formadas por especies autóctonas, así como por aquelas que sufrisen os efectos dun incendio. Serán tamén superficie forestal aquelas terras que declare a administración competente como áreas de especial produtividade forestal, os montes públicos e os montes veciñais en man común.

A falla de determinacións mais concretas que no dite o plan xeral de ordenación municipal, considérase que os usos permitidos nesta zona serán os usos que de xeito consuetudinario se veñen realizando e que sexan axeitados ás características do mesmo sen que en ningún caso se poñan en perigo os valores naturais que representa.

Réxime común para as distintas categorías de superficie.

Os propietarios terán o dereito de usar, gozar e dispoñer deles, de conformidade coa natureza e destino rústico dos mesmos. A estes efectos, os propietarios poderán levar a cabo:

- Aproveitamentos agropecuarios, pastoreo, roturación e desecamento, así como cerramentos con elementos naturais ou de sebes.
- Accións sobre as masas arbóreas, tales como aproveitamento de leña, aproveitamento madeireiro, entresacas, mellora da masa forestal, outros aproveitamentos forestais, repoboacións e tratamento fitosanitario, de conformidade coa lexislación aplicable en materia forestal.
- Ademais, poderán levar a cabo as actuacións complementarias e imprescindibles para o aproveitamento madeireiro, tales como a apertura de vías de saca temporais, os cargadeiros temporais de madeira e o estacionamento temporal de maquinaria forestal, sempre que os propietarios comprométanse a repoñer os terreos ao seu estado anterior



non prazo que se determine. A estes efectos, o concello poderá esixir a prestación das garantías necesarias.

Usos permitidos, autorizables e prohibidos.

Usos permitidos: Os compatibles coa protección de cada categoría, sen prexuízo da esixibilidade das autorizacións administrativas sectoriais que procedan.

Usos autorizables: Os suxeitos a autorización e nos que deban valorarse en cada caso as circunstancias que xustifiquen a súa autorización, coas cautelas que procedan.

Usos prohibidos: Os incompatibles coa protección de cada categoría de solo ou que impliquen un risco relevante de deterioración dos valores protexidos.

O réxime deste tipo de superficies ten por finalidade preservar os terreos de alta produtividade e garantir a utilización racional dos recursos naturais, así como un desenvolvemento sostible da zona.

4. ORIENTACIONES PRIORITARIAS.



4. ORIENTACIÓN PRIORITARIAS

Identificados os factores que inciden positiva ou negativamente (medio físico, estrutura territorial, medio humano, estrutura produtiva das explotacións, factores comerciais e factores agronómicos) despois do traballo de campo e a revisión bibliográfica, pódese analizar en termos comparativos entre as diferentes posibilidades o grao de idoneidade dun cultivo ou aproveitamento para a súa implantación na zona de reestruturación.

Considérase como orientacións prioritarias as seguintes:

4.1.- PRODUCCIÓN DE UVA

Tendo en conta que a totalidade do termo municipal de Barro se atopa dentro da zona xeográfica de D.O Rías Baixas, e sobre todo que esta denominación se atopa nun dos mellores momentos na súa comercialización, a produción de uva de variedades admitidas para a produción vitivinícola en esta D.O e unha das mellores opcións.

Un dos factores que favorece e caracteriza esta produción son os solos sobre materiais graníticos, pero nos que hai sitio para solos metamórficos (exquisitos) e os xerados sobre materiais sedimentarios (aluvións continentais de orixe cuaternario). Na súa maioría tratase de solos pobres en minerais alterables, con textura areosa a franco areosa, cun intensivo lavado de Mg, Ca y K, ácidos, pobres en nitróxenos e de relativo baixo espesor. As características de textura provocan unha baixa retención da auga, unha elevada tendencia á desecación do solo en verano, e uns desenvollos radiculares da vide unicamente limitados pola profundidade.

Na zona nos atopamos con algúns solos que serían moi aptos, incluso mellores ós que na actualidade están producindo uva, para vinificación.

A día de hoxe a comercialización internacional das bodegas da D.O. Rías Baixas provocou a súa crecente profesionalización, aínda que están en desvantaxe con respecto a outras empresas similares, situadas noutros países europeos.



A renda mínima obtense a partir de 5.000 m² e débese fomentar o acopio de dereitos cara a novas plantacións.

4.2.- PRODUCCIÓN HORTÍCOLAS

A horta en xeral trátase de producións con alta potenciabilidade de comercialización, sobre todo a produción integrada como a ecolóxica.

Na comarca existen canles de comercialización, como son os mercados locais, as grandes superficies e cooperativas de comercialización como por exemplo HORSAL, SAT. HORTUMIA, etc.

As produción máis salientables son: pemento de padrón, xudía repolo, leituga, cebola, grelo, tomate e calabacín.

Hai que ter en conta que a agricultura ecolóxica atópase en pleno apoxeo en Galicia experimentando un crecemento constante nos últimos anos. Os produtos ecolóxicos elaborados en Galicia, e comercializados como tales, necesariamente deben ser identificados cunha etiqueta para o efecto. O uso desta etiqueta está controlado polo CRAEGA.

Desde o punto de vista técnico, a produción de horta ecolóxica é totalmente viable en toda a comarca, debido ás boas características climáticas e aos escasos problemas técnicos – agronómicos que presenta.

Dentro delas distínguese:

- **A horta baixo cuberta**

As distintas alternativas de cultivo de horta baixo cuberta responden ás producións comúns na comarca.

En principio a alternativa máis interesante, atendendo aos custos de produción, sería a de Leituga – Leituga- Pemento de Padrón e en segundo lugar a de Xudía verde – Pepino – Leituga.

A superficie baixo cuberta necesaria estaría sobre os 3.000 m², e deberíase complementar con máis superficie ao aire libre.

- **A horta ao aire libre**

As alternativas consideradas na comarca con maiores rendimentos serían Tomate- Xudía verde, Repolo – Xudía verde – Porro e Repolo – Xudía verde – Xudía verde.

Calquera das tres alternativas son adaptables ás superficies de labradío das explotacións tipo consideradas, requirindo pouca superficie. A superficie ao aire libre necesaria estaría tamén sobre os 3.000 m².

4.3.- PRODUCCIÓN DE KIWI

Unha produción que ten saída no mercado, incluso internacional e o froito do kiwi. A recolección se fai en poucos días, permitindo administrar a maduración en cámara para a súa comercialización en período máis longo.

A climatoloxía e condicións edafolóxicas da zona son aptas para este tipo de cultivos como se ven demostrando dende os anos oitenta.

Existen centros de comercialización como Horsal, Kiwi Atlántico, na zona do Salnés, e Kiwi España, Kiwis Brugero, SL e outros ao sur de Pontevedra.

Dadas as condicións climatolóxicas adecuadas para este tipo de cultivo e a existencia de cooperativas próximas para a súa comercialización, este cultivo nas adecuadas condicións de explotación resulta adecuado como alternativa rendible nas zonas adecuadas para os cultivos de horta.

Considerando as necesidades culturais de este froito, a man de obra e a conveniencia de instalación de sistemas antixeadas preventivos, así como a gran tecnificación dos procesos de fecundación da flor e a necesidade de obter produtos homoxéneos e regulares, os requirimentos de superficie para explotacións viables

sitúanse por riba dos 40.000 m², polo que a implantación de este cultivo require de iniciativas de explotación común.

5. ESTUDO DE COMERCIALIZACIÓN DAS ORIENTACIÓNS PRIORITARIAS.



5.- ESTUDO DE COMERCIALIZACIÓN DAS ORIENTACIÓNS PRIORITARIAS.

Tendo en conta que dende o punto de vista agrícola o concello de Barro atópase entre as comarcas de O Salnés e Caldas de Reis o presente estudo referirase a estas dúas comarcas

O Viñedo

A superficie de viñedo en Galicia mantívose estable dende 2007, cun lixeiro descenso. Por provincias, destaca Pontevedra que posúe a metade da superficie de toda Galicia, e Ourense con 1/3 sobre o total; A Coruña e Lugo teñen superficies moito menores.

A porcentaxe da superficie de viñedo respecto da SAU, O Salnés, é a zona na que o viñedo representa unha maior importancia de todo Galicia, cun porcentaxe de superficie respecto a SAU, de entre o 31 e o 44.95%.

Evolución das producións de uva para vinificación:

SUBZONA	Albariño	Treixadura	Loureiro	Outras Blancas	Tintas	Total
SALNES	14.973.590	788	2.100	4.019	24.989	15.005.486
O ROSAL	2.706.515	31.422	154.344	265.165	47.708	3.205.154
CONDADO	4.885.744	103.723	33.413	9.764	123.858	5.156.502
SOUTOMAIOR	29.599	170	201	1.682	0	31.652
RIBEIRA ULLA	763.162	6.772	0	2.143	9.350	781.427
TOTAL D.O	23.358.610	142.875	190.058	282.773	205.905	24.180.221

Fonte: Consello Regulador Rías Baixas

Evolución comercial (1999 – 2014):

É importante ter en conta ó interpretar o gráfico de Coleitas- Ventas – Exportacións, que as vendas de cada ano corresponden maioritariamente á produción de viño do ano anterior.


As exportacións sufriron un importantísimo aumento, superando a cifra dos 5 millóns de litros desde 2013, supoñen máis do 30% das vendas totais anuais.

AÑO	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
COSECHA (L.)	8.407.777	5.807.339	11.211.285	8.869.006	10.788.939	14.817.480	14.590.644
VENTAS (L.)	4.060.620	6.977.541	6.812.147	8.570.236	8.406.368	10.962.475	13.072.465
EXPORTACIONES (L.)	410.125	697.181	730.264	826.958	937.166	1.194.849	1.543.758

AÑO	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
COSECHA (L.)	20.429.354	12.719.406	13.316.077	13.964.188	21.638.908	28.699.843	11.983.620
VENTAS (L.)	14.997.593	17.410.032	15.509.919	14.933.332	15.859.083	18.048.856	19.763.571
EXPORTACIONES (L.)	2.049.379	3.278.937	3.031.435	3.057.574	3.548.115	4.190.533	4.929.651

AÑO	2013	2014
COSECHA (L.)	22.989.997	16.187.622
VENTAS (L.)	17.259.416	19.390.727
EXPORTACIONES (L.)	5.451.669	5.396.187


Fonte: Consello Regulador Rías Baixas




Fonte: Consello Regulador Rías Baixas

Evolución da produción

Dous anos claves: a escasísima colleita de 1998, debido a problemas de corremento e a espectacular colleita de 2011 cun rendemento medio por encima dos 10.500 quilos.



Fonte: Consello Regulador Rías Baixas



Fonte: Consello Regulador Rías Baixas

Estrutura da produción (2014):

SUBZONA	Viticultores	Superf. (ha)	Superf./Viticultor	Parcelas	Parcelas/ Viticultor
VAL DO SALNÉS	4.447	2.290	0,515	15.749	3,541
O ROSAL	374	582	1,5561	1.283	3,43
CONDADO DO TEA	1.081	976,9	0,9037	5.321	4,922
SOUTOMAIOR	30	16,1	0,5367	85	2,833
RIBEIRA DO ULLA	99	162,1	1,637	240	2,424
TOTAL	6.031	4.027,1	0,6677	22.678	3,76

Fonte: Consello Regulador Rías Baixas

A subzona do Val do Salnés, é a gran produtora, con máis do 50% da superficie e o 70% dos viticultores.

A distribución indica claramente unha estrutura minifundista, segundo os datos publicados polo Consello Regulador Rías Baixas, unha media de 6600 m² por viticultor, reunidos de media en case 4 parcelas de viñado.



Cerca de 130 adegas presentes nas dúas comarcas, Salnés e Caldas, principalmente en O Salnés, comercializan a uva destas subzonas da D.O. Rías Baixas.

Segundo o seu volume de produción a clasificación das adegas é a seguinte:

Volume Producción (litro / ano)	Nº de adegas
>500.000	6
200.000 – 500.000	13
100.000 – 200.000	12
50.000 – 100.000	18
20.000 – 50.000	30
< 20.000	51

Son importantes o número de adegas que non superan os 50.000 litros/ano

Considéranse que as grandes adegas son as que son referentes en comercialización, incluso ao estranxeiro.

O kiwi

Na produción de Pontevedra existen 6 centros de comercialización de kiwi:

- Ribadumia. Kiwi Atlántico S.A.
- Tui: Kiwiplant S.A.
- Tomiño: Kiwi España S.A

Kiwis del Burguera S.L

Kiwi Atlántico Finca S.A

S.A.T. NA 459 Xuga Kiwigal

Horta – Invernadoiros.

Segundo o directorio de hortofloricultura de Galicia, que abarca as explotacións dedicadas a produción de horta e flor cortada baixo cuberta cunha superficie mínima de 500 m² e atende a información relacionada co número de explotacións, a superficie media, o nivel de asociacionismo, man de obra, comercialización e producións máis destacables.

As producións hortícolas que ocupan máis superficie son: a leituga (35%), o pemento (26%) e o tomate (21%). En canto a flor cortada baixo cuberta, as producións máis importantes son o caravel (30%) e o Lilium (18%), seguidas a certa distancia polo minicaravel, rosa, crisantemo e outros.

Número de explotacións e superficie total de invernadoiro

Provincias	Explotación Hortícolas		Expl. Flor cortada		Explotacións Mixta	
	Nº explot.	Sup. Invern. (m ²)	Nº explot.	Sup. Invern. (m ²)	Nº explot.	Sup. Invern.
A Coruña	281	596448	109	219269	14	30404
Lugo	35	91866	6	45500	5	6130
Ourense	43	58799	55	83318	38	55551
Pontevedra	362	523171	74	204280	15	36714
GALICIA	721	1270284	244	552367	72	128799

En Pontevedra a asociación de produtores é a canle de comercialización máis utilizado e abarca o 23%. Séguenlle en importancia as cadeas de distribución (18%) e a venta directa (17%).

Cooperativas agrícolas no entorno:

- Cambados 3
- Caldas de Reis 2
- Meis 2

Como centros de comercialización e produción de produtos hortícolas:

- Horsal S.C. galega : en Vilariño, Cambados, Produtos hortícolas e froita
- S.A.T. Hortumia: en Vilariño, Cambados, Produtos hortícolas
- Porta do Río Miño: en O Rosal .

Principalmente comercializan leituga, Freixón, cebola, repolo, grelo, tomate, pemento e acelga

Entre as comarcas galega, a zona do Salnés e unha das principais producións hortícolas

Canles de comercialización

Provincia	Explotacións de horta							
	Asociacións	Autoconsu	Cadeas	Comercian	Comercian	Lonxa	Mercad	Vend
A Coruña	26,48%	0,61%	18,38%	8,78%	15,51%	0,00	13,34%	16,91
Lugo	23,37%	0,61%	6,00%	6,88%	54,69%	0,00	0,00%	8,45%
Ourense	77,96%	0,10%	0,00%	4,76%	10,82%	0,00	0,00%	6,36%
Pontevedr	52,73%	1,13%	1,89%	6,09%	17,54%	9,65	0,19%	10,78
GALICIA	39,59%	0,80%	9,86%	7,35%	18,70%	4,00	6,38%	13,31

Provincia	Explotacións de flor							
	Asociacións	Autoconsu	Cadeas	Comercian	Comercian	Lonxa	Mercad	Vend
A Coruña	46,55%	0,09%	0,00%	27,68%	23,01%	0,00%	0,46%	2,20%
Lugo	8,79%	0,00%	0,00%	76,92%	8,79%	0,00%	0,00%	5,49%
Ourense	83,66%	0,00%	0,00%	9,66%	5,48%	0,00%	0,00%	1,20%
Pontevedr	1,17%	0,00%	6,09%	26,09%	35,01%	0,00%	0,00%	31,64
GALICIA	32,62%	0,04%	2,21%	28,46%	23,49%	0,00%	0,18%	13,01

Provincia	Explotacións mixtas							
	Asociacións	Autoconsu	Cadeas	Comercian	Comercian	Lonxa	Mercad	Vend
A Coruña	10,89%	5,26%	5,21%	4,93%	52,93%	0,00%	1,64%	19,13
Lugo	16,80%	0,00%	0,00%	35,07%	2,45%	0,00%	0,00%	45,68
Ourense	95,23%	0,00%	0,00%	0,48%	4,29%	0,00%	0,00%	0,00%
Pontevedr	21,22%	1,05%	0,00%	4,43%	53,25%	4,35%	0,00%	15,70
GALICIA	50,96%	1,57%	1,27%	4,43%	29,18%	1,16%	0,40%	11,13

Fonte: IGE 2007

Superficies medias por explotación

Provincias	Explotacións hortícolas			Explotacións flor cortada			Explotacións mixtas		
	Sen sup. AL	Con superficie AL		Sen sup	Con superficie AL		Sen sup AL	Con superficie AL	
	Sup. B.C.*	Sup. B.C.*	Sup. A.L.**	Sup. B.C.*	Sup B.C.*	Sup A.L.**	Sup B.C.*	Sup B.C.*	Sup A.L.**
A Coruña	1710	2418	6311	1945	2213	1606	2375	1969	10422
Lugo	2686	1597	7188	-	-	-	-	-	-
Ourense	1512	1227	5103	1510	1546	1071	1563	1435	1467
Pontevedra	1351	1560	2179	1551	7513	3880	1572	3773	4550
GALICIA	1522	1988	4481	1893	3672	2172	1821	1779	3510

Fonte: IGE 2007

*B.C.: Baixo cuberta

**A.L.: Aire libre

En Galicia hai 850 explotacións profesionais de horta baixo cuberta, con preto de 150 hectáreas de superficie de invernadoiros e existen arredor de 1.100 ha de superficie ao aire libre dedicadas ao cultivo comercial, ás que compre engadir 600 máis de cultivo de faba e grelo. En xeral, os principais cultivos hortícolas en Galicia son a leituga, cunha produción anual aproximada de 3 millóns de exemplares/ano; o tomate, cunha produción duns 700.000 Kg/ano; o feixón verde, cuns 500.000 Kg/ano e os pementos, cuns 240.000 Kg/ano.

En relación ao sector, cabe destacar que está formado por unha ducia de cooperativas específicas de horta e algunha outra de leite que tenta diversificar a súa produción incorporando a comercialización dos produtos de horta. O conxunto das cooperativas abrangue preto de 650 socios e arredor de 175 hectáreas de cultivo. Existen tamén varias Sociedades Agrarias de Transformación (SATs) de horta e preto dun cento de pequenas asociacións de produtores localizadas en zonas especializadas nun determinado cultivo, por exemplo o grelo.



O sector da flor e da planta ornamental en Galicia ten un significativo alcance económico ó representar o 8,41% da produción final agraria, cunha maior concentración nas provincias da Coruña e Pontevedra. Máis do 30% dos viveiros produtores de planta ornamental presenta unha clara vocación cara a exportación fora de Galicia.

É de destacar o carácter asociativo dos viveiristas galegos, concentrados nun 80% en Asproga.

O sector da planta ornamental en Galicia conta cuns 130 viveiros e a superficie de cultivo rolda as 900 hectáreas, o que supón unhas 7 hectáreas de media por viveiro. Galicia é a terceira Autonomía española que máis planta produce, tras Valencia e Cataluña.

Rendemento dos cultivos

Rendementos de cultivos (T/Ha). Galicia 2014

Cultivos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedr
Cereais gran				
Millo gran	8,17	7,52	7,75	8,39
Tubérculos				
Pataca de media estación	21,91	20,54	25,50	24,02
Cultivos hortícolas				
Repolo	41,47	60,00	55,80	32,39
Feixón verde	37,40	29,70	29,70	20,24
Cebola	24,82	30,00	31,19	30,92
Porro	16,47	21,35	17,50	19,44
Leituga	27,82	23,50	20,53	23,76
Pemento morrón	60,79	47,63	47,10	55,60
Pemento de Padrón	35,73	21,42	21,42	38,43
Amorodo	19,91	18,38	19,22	20,33
Grelo	12,34	14,39	7,56	6,51
Viñedo				
Viñedo	4,25	3,66	5,07	5,26



Froiteiras				
Castiñeiro	0,76	2,91	2,38	0,76
Maceira	13,27	10,50	17,64	17,46
Kiwi	9,50	7,60	9,50	9,50

Principais producións de horta de Pontevedra


Cultivo	Suprf. (Ha)	Produción	Autoconsumo	Comercializ.
Maíz gran	5.899	27.662	90	10
Hortalizas	360	372.238	70	30
Leituga	216	4.402	70	30
Cebola	320	12.236	35	65
Freixon verde	414	9.786	45	55
Repolo	310	17.615	75	25

Prezos Agrícolas. Resumo anual por provincias 2014


Produtos	Unidade	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Trigo	EURO/100	46,78	49,56	18,81	19,50	33,66
Centeo	EURO/100	-	-	16,75	17,50	17,13
Pataca	EURO/100	59,69	45,30	23,54	72,00	50,13
Leituga	EURO/100	87,27	139,30	119,28	110,39	114,06
Col-repolo	EURO/100	61,61	42,20	36,62	88,35	57,20
Tomate	EURO/100	69,18	55,09	55,09	91,60	67,74
Cebola	EURO/100	74,62	53,62	45,67	100,50	68,60
Pemento	EURO/100	75,00	76,80	76,80	83,00	77,90
Feixón plano	EURO/100	139,50	125,81	128,71	144,29	134,58
Caravel	EURO/Duci	0,95	0,98	1,00	1,01	0,98
Viño branco (D.O.)	EURO/Hgd	-	16,19	11,83	19,08	15,70
Viño tinto (D.O.)	EURO/Hgd	-	18,22	11,09	17,26	15,52
Piñeiro pinaster	EURO/M3	13,00	13,00	13,00	13,00	13,00
Piñeiro radiata	EURO/M3	13,00	13,00	13,00	13,00	13,00
Eucalipto	EURO/M3	24,00	24,00	24,00	24,00	24,00




Evolución dos presos dos produtos hortícolas




Fonte: elaboración propia a partir de datos do



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



INDUSTRIAS

A industria cárnica da comarca atópase representada por catro industrias: unha sala de despece con sede en Moraña, e tres industrias de produción de embutidos con sede en Caldas de Reis (Cárnicas Ruel S.L., Pallas produtos cárnicos S.L. e Cárnicas Joseva S.C.). É importante indicar o feito de que non existe ningún matadoiro na comarca.

Na comarca de Caldas existen tres industrias leiteiras, dúas en Cuntis (Central Lechera de Cuntis S.L e Central Lechera Gallega S.A.) e unha en Caldas (Agrupación de Cooperativas Lácteas), que se abastecen fundamentalmente da produción leiteira doutras comarcas, como Tabeirós – Terra de Montes.

A pesares da escasa infraestrutura industrial é moi importante sinalar que a comarca de O Salnés e Caldas no referente á comunicación externa posúe unha situación privilexiada, ao pasar por el a autoestrada A – 9 que une A Coruña con Vigo, o que lle permite situarse nos centros de consume importantes en pouco tempo.

6. ÁREAS DE ORDENACIÓN PREFERENTE.



6.- ÁREAS DE ORDENACIÓN PREFERENTE

As áreas de ordenación preferente, son aquelas que posúen maior aptitude por razóns técnico-agronómicas. Cada orientación prioritaria descrita anteriormente ten requirimentos propios, e polo tanto correspóndenlle áreas distintas. Identifícanse e delimítanse estas áreas, para cubrir as necesidades de localización específica das orientacións prioritarias.

O resto dos terreos serán considerados como áreas sen aptitude específica e poderán ser dedicados a calquera aproveitamento acorde cos usos autorizados, o mesmo que as terras das áreas de ordenación preferente non utilizadas como tales despois da atribución sinalada no artigo 29 da Metaga.

Aos criterios básicos para a clasificación dos terreos engadiránselles os derivados da vocación produtiva das orientacións integradas nas áreas de ordenación preferente.

Na zona de reestruturación parcelaria de Curro - Portela están definidas 2 áreas de ordenación preferente: horta-invernadoiros e viña.

Estas áreas pódense ver con detalle no plano correspondente.

Áreas de ordenación preferente e sen aptitude específica:

No plano de delimitación de orientacións prioritarias se definen as zonas de ordenación preferente e zonas sen aptitude específica, de acordo cos criterios establecidos, definíndose as áreas:

I - Áreas de Ordenación preferente:

- **Viña:**

- Zona V – 1, superficie: 446.201 m²
 - Zona V – 2, superficie: 457.610 m²
 - Zona V – 3, superficie: 484.717 m²



- **Horta, invernadoiro:**

Zona H – 1, superficie: 332.248 m²

II - Áreas sen aptitude específica: superficie: 3.858.121 m²

6.1. Áreas de ordenación preferente viña.

A zona con orientación forestal sitúase en tres áreas diferentes como se indica en plano nº 3. En parte destas áreas xa existen plantacións de viñedos y no resto son terreos adicados a produción forestal. Estas tres áreas son escollidas pola pendente suave que facilita a drenaxe e tamén pola súa orientación sur e suroeste.

Evítanse zonas que aínda que hoxe en día existe viñado este se atopa en zonas de maior aptitude para horta e con solos máis húmidos.

6.2. Áreas de ordenación preferente horta.

As zonas llanas, de terreos profundos e con menor déficit hídrico, con posibilidades de establecer regadío ou regos de apoio, de boas características agronómicas, pero non adecuadas para o viñado, se establecen área de ordenación preferente clasificada como horta, presenta condiciones idóneas para cultivos de horta e invernadoiros. É adecuada para cultivos de millo gran, non incluído como orientación preferente polas súas deficiencias de comercialización (utilizado maioritariamente para autoconsumo), e para cultivo de Kiwi e outros frutais

A única zona con ordenación preferente de horta é unha área ampla, zona chá, atravesada por cursos de auga e con condicións óptimas para o seu aproveitamento, como horta, ou outros cultivos propios da zona como o millo-gran.

Hai que puntualizar que nesta área existe unha parte de superficie destinada a viñado, pero non poden ser clasificadas como áreas preferentes para viña, xa que



debido á humidade as producións vense reducidas en calidade debido as enfermidades fúnxicas e a menor concentración en azucres.

6.3. Áreas sen aptitude específica

Aparecen en cor branco e correspóndense con zonas nas que existen cultivos diversos, incluíndo áreas forestais, que pola súa pequena dimensión non son adecuadas para definir como áreas de ordenación preferente forestal, e que polo tanto non son aptas para repoboación forestal. Tamén aparecen como áreas sen ordenación as que se encontran dentro da franxa de 30 m entre as áreas forestal e as de núcleo rural, zoas de protección fitosanitaria e zonas de reducida dimensión para establecer cultivos de ordenación preferente.

6.4. Áreas clasificadas como núcleo rural

Zona excluída do proceso de reestruturación 355 Has, por razóns do Plan Xeral de ordenación, por tratarse de terreos incluídos na delimitación dos núcleos, que teñen as mesmas orientacións prioritarias, cas limitacións da lexislación fitosanitarias, forestal e urbanística.

Son de cor gris, están excluídas da concentración aínda que en moitos casos son zonas con uso agrícola e incluso ata forestal. Os cultivos predominantes nestas zonas son os de horta e viñado.

**7. DEFINICIÓN DAS FORMAS
TÉCNICAS ESPECÍFICAS PARA O
DESEÑO DOS NOVOS PREDIOS DE
SUBSTITUCIÓN.**



7. DEFINICIÓN DAS NORMAS TÉCNICAS ESPECÍFICAS PARA O DESEÑO DOS NOVOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN.

O obxectivo do proceso de reestruturación parcelaria incide na mellora da estrutura territorial das explotacións, estudando para cada suposto as solucións que favorecen a súa rendibilidade e que resultarán, segundo os casos, nun único predio uniforme ou en varios ben diferenciados.

Para o estudo da adxudicación das novas fincas, será necesario o coñecemento previo detallado da zona coas clases de terra que foron fixadas nas Bases de reestruturación. Este coñecemento pode adquirirse percorrendo a zona detidamente con agricultores que sexan perfectos coñecedores desta, que poderán destacar as súas características.

7.1. Normas técnicas

1.- As parcelas de substitución deberán ser equivalentes en valor, para cada persoa titular, ás parcelas achegadas por esta, unha vez efectuadas as deducións xerais sinaladas no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, as recollidas no artigo 32 da *lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia* (Metaga).

2.- Para os efectos do deseño dos novos predios de substitución, serán consideradas como un único titular cada unha das explotacións, das agrupacións de titulares e das iniciativas agrarias de explotación en común.

Corresponderanse coa suma das achegas individuais de cada unha das persoas titulares integrantes delas, feitas as deducións legalmente establecidas. Serán determinados xuridicamente e delimitados cartográficamente os predios de substitución que individualmente lle correspondan a cada partícipe e as servidumes prediais e as restantes cargas que, se é o caso, se establezan.

3.- Localizaranse nas áreas de ordenación preferente definidas neste plan, os predios de substitución correspondentes ás persoas titulares, explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común que cumpran os requisitos sinalados no artigo



21 da Metaga e que ratificasen o compromiso de integración no plan a que fai referencia o artigo 28.

4.- No caso daquelas orientacións prioritarias que non ocupen áreas de ordenación preferente, o criterio de localización para as ditas explotacións, agrupacións e iniciativas será o de mellora obxectiva da viabilidade da unidade técnico-económica resultante.

5.- Nas zonas cualificadas como áreas sen aptitude específica, adoptaranse como criterios non vinculantes para a distribución dos novos predios de substitución a localización das parcelas achegadas e as melloras existentes nelas.

6.- Trasladaranse aos predios de substitución respectivos aqueles dereitos de plantación de viñado ou outros cultivos sobre parcelas achegadas a reestruturación parcelaria recoñecidos conforme a normativa vixente.

7.- Para a preparación do acordo de reestruturación parcelaria, as persoas titulares poderán poñer de manifesto, por escrito e de xeito razoado, as súas preferencias sobre a localización dos futuros predios de substitución, durante o prazo sinalado polo servizo provincial e determinado regulamentariamente. En ningún caso estas preferencias terán carácter vinculante nin condicionarán os resultados técnicos do proceso.

Á vista das solicitudes de preferencia recibidas dos propietarios, deberase levar a cabo un axuste previo sobre uns planos de traballo co fondo parcelario antigo e as clases de terra establecidas, sobre os que a súa vez trazaranse os novos camiños, regueiros e demais accidentes que deben terse en conta. Este axuste previo levarase a cabo en contacto directo con, a lo menos, os titulares das explotacións, debendo establecer ese contacto, cando iso sexa necesario, en caso de petición formal de varios nunha mesma paraxe conxuntamente con todos os que o solicitaran, tratando de chegar a solución satisfactorias para o caso.

Neste plano determinarse polo tanto a localización aproximada das novas fincas, realizando para elo os axustes previos que se consideren necesarios para determinar unha primeira delimitación das mesmas.

7.2. Circunstancias de tipo xeral

As circunstancias de tipo xeral son aquelas que se estiman máis importantes e que deben ser tidas en conta con carácter xeral:

1.- A compensación por clases de terra non debe dársele excesiva importancia, no obstante procurárase realizala entre clases próximas e en forma tal que o resultado de todas as compensacións sexa que a superficie total de cultivo adxudicada a un propietario non difira substancialmente da total achegada por este. Evitarase ademais a compensación das clases primeira e última.

2.- Para os efectos de compensacións poderase considerar a posible existencia de grupos de clases de terras, quedando definido cada grupo e en cada caso, por circunstancias diferentes. Unha circunstancia pode ser a aptitude cultural das distintas clases de terra, integrando neste caso en cada grupo aquelas clases que teñen análoga aptitude cultural. Dentro das clases comprendidas en cada grupo poderanse facer compensacións de certa importancia e maiores que as que se poidan realizar entre as clases de distinto grupo.

3.- Aos propietarios residentes en núcleo lindantes procuraráselles facer as adxudicacións o máis próximas posibles aos devanditos núcleos lindantes, dando a esta circunstancia primacía sobre todas as demais, das que normalmente poderá prescindirse para conseguir desta forma para estes propietarios unha localización moito máis próxima á súa residencia que a que correspondía ás parcelas por eles achegadas. Ao non se poder prescindir das outras circunstancias, incluídas a compensación por clases de terras deberá adxudicarse a eses propietarios normalmente un só terreo.

4.- Aos pequenos propietarios residentes e cultivadores directos, procuraráselles adxudicar os terreos o máis próximos posibles á zona urbana, coidando especialmente



a adxudicación que se lles faga xa que, aínda sen levar a cabo compensacións por clases de terra, a diferenza de calidade que poida existir entre as achegas e adxudicacións dunha mesma clase de terra nun propietario pequeno, poida dar lugar a que se lle ocasionen un prexuízo de relativa importancia, feito que será máis difícil darse nun propietario importante no que se compensarán normalmente estas desviacións de calidade das terras dunha mesma clase. Por iso, a súa adxudicación estudarase con sumo coidado en especial polo que se refire ás terras de mellor calidade, achegadas por estes.

5.- As superficies incluídas na reestruturación cuxo propietario sexa descoñecido, formarán unha unidade, constituíndose un lote de reemprazo equivalente ao conxunto das parcelas de tódolos propietarios descoñecidos e situarase na periferia da zona.

6.- Masa Común:

As fincas de substitución que se establecen coas terras da masa común son independentes das correspondentes ás parcelas de propietario descoñecido. A superficie destinada a masa común ten unha finalidade principal, que é a de servir para corrixir os erros que puideron producirse, ou ben para estimar os recursos que poidan interpoñerse. Por iso hase de procurar que a adxudicación de cada propietario se axuste á súa achega reducida xa que o valor que se lle atribúa en exceso sobre a devandita achega reducida, diminuírá o valor da masa común, o que debe evitarse sempre, salvo as excepcións recollidas no artigo 32 da Metaga sobre deducións en parcelas únicas.

A práctica de localizar os lotes de masa común sobre aquelas parcelas, que pola súa baixa calidade ou por outra circunstancia son difíciles de adxudicar a ningún propietario, é cómoda pero ten o inconveniente de que a masa común desta forma, non serve para cumprir a finalidade á que está destinada, por iso debe procurarse que estas fincas representen un mosaico das clases, distancias e no seu caso, subperímetros establecidos.

As fincas de masa común polo tanto, deben estar constituídas por terras de calidade, para que poidan cumprir as finalidades para as que se establece a devandita masa



común. Polo tanto, poderanse utilizar esta superficie para resolver alegacións, procurando que quede para os posibles recursos.

No caso das explotacións, agrupacións e iniciativas sinaladas no artigo 21 da Metaga, o eventual remanente da compensación técnica do conxunto das súas achegas poderase constituír total ou parcialmente en predios da masa común especificamente dedicados á localización das infraestruturas e equipamentos comúns necesarios para o conxunto das unidades técnico-económicas integradas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

7.- As servidumes deberanse establecer de tal forma que sexan viables en todo o seu percorrido. Procuraranse non dividir fincas de substitución con elas, tratando ademais de que a súa lonxitude sexa a menor posible, sen que sexa necesario realizar obras de terra ou de fábrica. Cando o predio dominante sexa unha finca de regadío ou de secaño de grande extensión, en lugar da servidume establecerase un camiño en razón da continuidade case permanente do seu uso.

7.3. Localización dos terreos pertencentes á mesma explotación

1.- Dentro do perímetro da zona de reestruturación débese tratar de conseguir a mellora da estrutura territorial das explotacións, estudando para cada suposto as solución que favorecen a súa rendibilidade, e a máxima redución posible no número de terreos para os efectos de cultivo, tal como se establece na lei de reestruturación, segundo a cal a reestruturación procurará adxudicar contiguas as fincas integradas nunha mesma explotación, aínda que pertenczan a distintos propietarios.

2.- Para os efectos do deseño dos novos predios de substitución, serán consideradas como un único titular cada unha das explotacións, das agrupacións de titulares e das iniciativas agrarias de explotación en común, segundo a cal, sexa conveniente que o lote que se adxudique ao grupo estea constituído polo menor número posible de terreos. Ó estudar a adxudicación que ten que facerse a estes grupos, terase en conta a relación existente entre estes propietarios, explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común ó efecto de ponderar axeitadamente co resto das circunstancias a ter en conta ó facer a adxudicación de fincas.



3.- Neste caso como en calquera outro, figurará a adxudicación independente que se fai a cada un dos compoñentes do grupo.

4.- Ó considerar, para os efectos de determinar a localización das novas fincas, a os integrantes da explotación, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común coma se fose un solo, resultará que para cada un realizaranse compensacións por clases de terras superiores ás normais, así como tamén entre terras dun sector con terras de outro, pero deberá facerse isto de tal forma que a adxudicación feita ó grupo, sexa análoga á achega feita por este.

5.- Cando se trate de grupos nos que a relación sexa doutro tipo, como por exemplo, no caso dun cultivador-propietario, e á súa vez arrendatario de fincas pertencentes a outro propietario, será necesario normalmente estudar separadamente a adxudicación que se fai a cada un deles de tal forma que a equivalencia que se consegue sexa independente para cada un, pero sempre procurando que o número total de fincas que constitúen o lote adxudicado ó grupo, sexa o menor posible.

7.4. Deducións

1.- As achegas das persoas titulares afectadas polo proceso de reestruturación estarán sometidas a unha dedución máxima do 9 % do valor total en puntos, agás nos casos sinalados nos números 2 e 3 do artigo 31 da Metaga, co fin de contar coa superficie de terreo necesario para a execución das infraestruturas rurais a que fai referencia o número 2 do artigo 8 desta lei, e para a compensación derivada da execución técnica do proceso.

2.- A dedución para infraestruturas rurais será como máximo do 6 % do valor total en puntos e afectará a totalidade das persoas titulares da zona na mesma proporción, agás nos casos de parcelas únicas, que se rexerán por normas específicas. Excepcionalmente, logo do estudo razoado do servizo provincial, xunto co informe do comité técnico asesor e oída a xunta local, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá incrementar esa porcentaxe ata nun punto porcentual, que se engadirá ao máximo sinalado no punto anterior.



3.- A dedución para axuste técnico, que ten como destino a compensación técnica dos axustes entre achegas e atribucións e a súa eventual corrección, será como máximo do 3 % do valor total en puntos, e afectará de igual forma a totalidade das persoas titulares da zona, agás nos casos de parcelas únicas, que se rexerán por normas específicas, e no das explotacións, agrupacións e iniciativas sinaladas no artigo 21 desta lei, que terán como máximo unha dedución do 2,5 % do valor total en puntos.

4.- No caso de parcelas únicas, aplicaráselles as seguintes normas:

- a) Ás parcelas únicas en que existan construcións destinadas a vivenda, pechadas ou non sobre si, pero con acceso a camiño público, non lles serán aplicables as normas xerais sobre deducións. No caso de que carezan de acceso a camiño público, aplicaráselles o desconto correspondente ás obras de infraestruturas rurais sinalado no artigo 31.2.
- b) Ás parcelas únicas nas cales non existan construcións destinadas a vivenda aplicaráselles as seguintes deducións:
 - Parcelas non pechadas sobre si: aplicaráselles as normas xerais sobre deducións.
 - Parcelas pechadas sobre si e con acceso a camiño público: non lles serán aplicables as deducións xerais.
 - Parcelas pechadas sobre si pero sen acceso a camiño público: aplicaráselles a dedución que para infraestruturas rurais se establecen.

No caso de parcelas reservadas seranlles aplicables todas as deducións establecidas, agás as correspondentes aos axustes técnicos entre achegas e atribucións. No caso de parcela única e reservada, a redución que se lle aplique será a que corresponda ao suposto con menor dedución.

7.5. Superficie das fincas de reestruturación

As necesidades mínimas de terra agraria por orientación prioritaria segundo as condicións que se describen no apartado 4 deste traballo son:

Viña: 5.000m²



Horta: 3.000 m² ó 40.000 (Kiwi o frutais)

Terase en conta a relación existente entre propietarios, explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común na adxudicación das novas fincas o efecto de acadar estas dimensións mínimas das novas fincas, de xeito especial nas áreas de ordenación preferente definidas.

En calquera das orientacións prioritarias vistas superase a unidade mínima de cultivo segundo o Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Na zona que nos ocupa é de 2000 m² tanto para regadío como para secaño.

Pontevedra, Decembro de 2017


A ENXEÑEIRA AGRÓNOMA

Asdo.: D^a. M^a José López Méndez

II. PLANOS

**PLANO Nº 1: PLANO DE ANÁLISE DA
SITUACIÓN ACTUAL.**

**PLANO N° 2: PLANO DE
ORIENTACIONES PRIORITARIAS.**



- PERIMETRO DA CONCENTRACION
- INVERNADOIRO-HORTA
- GRANXA-AVE
- SUPERFICIE AGRARIA UTIL (SAU)
- SUPERFICIE AGRARIA UTIL MIXTA (SAU MIXTA)
- SUPERFICIE FORESTAL (SF)
- EXCLUIDO E NUCLEO RURAL



XUNTA DE GALICIA



Unión Europea



Ministerio de Agricultura

PLAN DE ORDENACION DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACION AGRARIA NA ZONA DE REESTRUTURACION PARCELARIA DE CURRO-PORTELA 360021470

ZONA: CURRO-PORTELA (BARRO-PONTEVEDRA)

PLANO: 2

ESCALA: 1:5000


PROVINCIA: PONTEVEDRA

DATA: DECEMBRO 2017


REALIZADO POR: LAGARES OCA

OBSERVACIONES:

PLANO DE ORIENTACIONES PRIORITARIAS



**PLANO N° 3: PLANO DE
DELIMITACIÓN DOS USOS.**



- PERIMETRO DA CONCENTRACION
- INVERNADOIRO-HORTA
- GRANXA-AVE
- SUPERFICIE AGRARIA UTIL (SAU)
- SUPERFICIE AGRARIA UTIL MIXTA (SAU MIXTA)
- SUPERFICIE FORESTAL (SF)
- AREA DE REESTRUTURACION PREFERENTE (VIÑA)
- AREA DE REESTRUTURACION PREFERENTE (HORTA)
- EXCLUIDO E NUCLEO RURAL

XUNTA DE GALICIA
GOBERNACIÓN DE GALICIA
DEPARTAMENTO DE AGRICULTURA, PESCA, ALIMENTACIÓN E DESENVOLUPAMENTO RURAL
XERAR DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

Unión Europea
Agencia de Desarrollo Rural
Fondo Europeo Agrario de Desarrollo Rural
FEDER

Unión Europea
Agencia de Desarrollo Rural
Fondo Europeo Agrario de Desarrollo Rural
FEDER

PLAN DE ORDENACION DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACION AGRARIA NA ZONA DE REESTRUTURACION PARCELARIA DE CURRO-PORTELA 360021470

ZONA: CURRO-PORTELA (BARRO-PONTEVEDRA)

PLANO: 3

ESCALA: 1:5000



PROVINCIA: PONTEVEDRA

DATA: DECEMRO 2017

REALIZADO POR: LAGARES OCA

OBSERVACIÓN:
PLANO DE DELIMITACION DOS USOS
ÁREAS DE REESTRUTURACION PREFERENTE

PLANO Nº 4: PLANO DE PENDIENTES




- PERIMETRO DA CONCENTRACION
- INVERNADOIRO-HORTA
- GRANXA-AVE
- SUPERFICIE AGRARIA UTIL (SAU)
- SUPERFICIE AGRARIA UTIL MIXTA (SAU MIXTA)
- SUPERFICIE FORESTAL (SF)
- AREA DE REESTRUTURACION PREFERENTE (VINA)
- AREA DE REESTRUTURACION PREFERENTE (HORTA)
- EXCLUIDO E NUCLEO RURAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL
Servizo de Infraestruturas Agrarias



Fondo Europeo Agrícola de
Desarrollo Rural
Estrategia de Desenvolvemento Rural
Estruga Invicta, na rural



Fondo Europeo Agrícola de
Desarrollo Rural
Estrategia de Desenvolvemento Rural
Estruga Invicta, na rural

PLAN DE ORDENACION DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACION AGRARIA NA ZONA DE REESTRUTURACION PARCELARIA DE CURRO-PORTELA 360021470

ZONA:

CURRO-PORTELA (BARRO-PONTEVEDRA)

PLANO:

4

ESCALA:

1:7000

PROVINCIA:

PONTEVEDRA

DATA:


ABRIL 2019

REALIZADO POR:

LAGARES OCA


OBSERVACIÓNS:

PLANO DE PENDENTES COA DELIMITACION DOS USOS AREAS DE REESTRUTURACION PREFERENTE.



.


**PLANO N° 5: PLANO DE
ORIENTACIÓN XEOGRÁFICA**



- North (0-22.5)
- Northeast (22.5-67.5)
- East (67.5-112.5)
- Southeast (112.5-157.5)
- South (157.5-202.5)
- Southwest (202.5-247.5)
- West (247.5-292.5)
- Northwest (292.5-337.5)
- North (337.5-360)

- PERIMETRO DA CONCENTRACION
- INVERNADOIRO-HORTA
- GRANXA-AVE
- SUPERFICIE AGRARIA UTIL (SAU)
- SUPERFICIE AGRARIA UTIL MIXTA (SAU MIXTA)
- SUPERFICIE FORESTAL (SF)
- AREA DE REESTRUTURACION PREFERENTE (VINA)
- AREA DE REESTRUTURACION PREFERENTE (HORTA)
- EXCLUIDO E NUCLEO RURAL

**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL
Servizo de Infraestruturas Agrarias




Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria na Zona de Reestruturación Parcelaria de Curro-Portela 360021470

ZONA:				
CURRO-PORTELA (BARRO-PONTEVEDRA)				
PLANO:	ESCALA:	PROVINCIA:	DATA:	REALIZADO POR:
5	1:7000	PONTEVEDRA	ABRIL 2019	LAGARES OCA

OBSERVACIÓNS:

PLANO DE ORIENTACIÓNS COA DELIMITACION DOS USOS ÁREAS DE REESTRUTURACIÓN PREFERENTE.



**ANEXO 1. CD CON FICHEROS SHP E
RESTO DE DOCUMENTACIÓN.**